



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

REUNIDOS:

Dunha parte, Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, alcalde do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; e o artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra, Pedro Vasco Conde, en calidade de presidente da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, con CIF G15347362 e domicilio fiscal na rúa Zalaeta, s/n, 15002, A Coruña.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder abondo para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1. Que o Concello da Coruña, para xestionar os seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de promoción da cultura (artigo 25 da Lei reguladora das bases de réxime local).
2. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
3. Que a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins estatutarios propios, colaborar no cumprimento dos fins propios do Museo de Belas Artes da Coruña, de acordo cos obxectivos que para este tipo de institucións definen os organismos internacionais, promover e desenvolver todo tipo de actividades dirixidas a favorecer a interrelación entre a sociedade e o Museo de Belas Artes da Coruña e demandar das autoridades cooperación e axuda para unha maior promoción do Museo de Belas Artes da Coruña e do patrimonio artístico e museolóxico.
4. Que o Concello da Coruña entende que a actividade da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2018 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de 6.000,00 €, coa finalidade de contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade.
5. Que a Lei xeral de subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.
6. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou por pedimento da entidade interesada, a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, por requirimento municipal, presentou no Rexistro Xeral de Entrada do concello a documentación necesaria para subscribir o convenio.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña por parte da Asociación de Amigos do



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

Museo de Belas Artes da Coruña por todo o exposto, as dúas partes acordan asinaren o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto da axuda e período de realización da actividade

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, coa finalidade de contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade, que se realizarán durante o exercicio 2018.

SEGUNDA.- Obrigas do concello

O concello comprométese a achegarlle á Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña a cantidade de **seis mil euros (6.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 50.334.489.50.

TERCEIRA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, enténdese que o Orzamento Xeral do concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a execución total da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro deste polo importe que exceda o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento da lei xeral de subvencións, sendo compatible dita achega con outras subvencións, en caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo total da actividade e fosen compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- Obrigas do beneficiario

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña comprométese a destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade de contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade, que se realizarán no exercicio 2018, e a presentar a documentación xustificativa desta nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña comprométese a comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención no



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

Registro Xeral de Entrada do concello calquera modificación dos datos identificadores do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos deste, para a súa aprobación.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña comprométese a comunicarlle ao concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña a que todo o persoal dedicado á realización de actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña comprométese a facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do concello no seu financiamento.

QUINTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como os gastos de persoal, os gastos de profesionais, as subministracións e os servizos efectuados polos provedores, etc. En todo caso, debe acreditarse de maneira fidedigna no correspondente xustificante do gasto que este está directamente relacionado coa actividade. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso o beneficiario poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades con el vinculadas, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte xeito:
 - Solicitud por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade subvencionada.
 - Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando o/s terceiro/s co/s que se contratará e o/s servizo/s ou subministración/s que se recibe/n.

Poderase subcontratar ata o 50% do importe da actividade subvencionada. O réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

- No caso de subcontratacións con entidades non vinculadas nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades non vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

Con todo, o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades xerais da entidade, serán subvencionables ao 100% e debe xustificarse o gasto co correspondente xustificante e a acreditación do pagamento efectivo deste, nos termos establecidos no presente convenio.
- b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, só se poderán imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude ou do gasto executado se é menor, acreditando estes cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pagamento efectivo deles. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso, non se poderá imputar á conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral, salvo que se acredite de forma fidedigna nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade.
- c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables so no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta. En ningún caso serán gastos subvencionables: os intereses debedores das contas bancarias, os intereses, as recargas e as sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

SEXTA.- Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor do beneficiario e o pagamento da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Producirase a perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo concello, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata acadar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención ao beneficiario en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co concello e coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SÉTIMA.- Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses desde a finalización da vixencia do convenio, a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña deberá presentar a seguinte documentación no Rexistro Xeral de Entrada, para os efectos de xustificación:

- Impreso de solicitude de xustificación segundo o modelo establecido para o efecto.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e o grao de cumprimento de obxectivos. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada.
- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de xeito que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade na que se indique o acredor, o número de documento, a data de emisión, o importe, o concepto e a data de pagamento.
- Para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, achegarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste se observen desviacións, cubrirase o seu informe de xustificación.

Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit desta. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, producirase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que exceda o custo total da actividade.

- Certificación do secretario co visto e praxe do presidente sobre as subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia de como se reflecta no balance.
- Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas, correspondentes aos gastos realizados no exercicio da actividade.

As facturas presentaranse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.

Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Nos xustificantes orixinais deberá estenderse unha dilixencia na que se faga constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o seu importe impútase total ou parcialmente á subvención, indicando ademais, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

- No caso de que existan gastos de persoal: nóminas asinadas polo traballador, boletíns de cotización á Seguridade Social (documentos TC/1 e TC/2 debidamente validados) ou os que os substitúan regulamentariamente, e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de IRPF (modelo 111 -trimestral- e modelo 190 -resumo anual-). No caso de pagamento a persoas físicas que presten servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), nos límites e excepcións que establecen a lei e o regulamento do imposto ou, no seu caso, as disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditar o ingreso en Facenda destas retencións coa presentación dos devanditos modelos 111 e 190 ou 115 (trimestral) e 180 (resumo anual) no caso de pagamento de alugueres de bens inmoables.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

- Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación debendo acreditarse o pagamento a través de copia do extracto bancario cando se realice a través de transferencia ou domiciliación bancarias, copia do cheque bancario co seu correspondente cargo no banco cando se realice a través de cheque, e coa conformidade suficientemente acreditada do contratista ou provedor na correspondente factura (NIF, sinatura e data) en caso de pagamentos en efectivo. Admitiranse pagamentos en efectivo por importes de ata 500 euros. No caso de que o pagamento dun servizo estea fraccionado en varios pagamentos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagamentos correspondentes ao servizo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou por unha compañía de seguros.
- Certificado do secretario da entidade, co visto e praxe do presidente, en que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da entidade, en caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

O concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

OITAVA.- Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisén.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta deste convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- No caso de presentar a xustificación fora do prazo establecido na cláusula sétima e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da lei xeral de subvencións.
- Os demais supostos establecidos na Lei xeral de subvencións e na Ordenanza xeral da Área de Benestar.

NOVENA.- Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.



ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
SERVIZO DE CULTURA

CI1/2018/44

DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante un aviso previo comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

UNDÉCIMA.- Natureza

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No non disposto neste convenio, serán de aplicación a Lei 38/2003, xeral de subvencións, e o seu Regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e a Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar duplicado e para un só efecto, no lugar e na data que se indican a continuación:

A Coruña,

O alcalde do Concello da Coruña

O presidente da Asociación de Amigos do Museo de
Belas Artes da Coruña

Xulio Xosé Ferreiro Baamonde

Pedro Vasco Conde